

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,  
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 07.03.2019      Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de marzo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto unico. Preguntas**

- 1.1            43119 (10/POC-006809)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Casal Vidal, Francisco  
Sobre a posición da Xunta de Galicia respecto da incorporación da representación social das empresas electrointensivas e expertos na regulación do sistema eléctrico á Comisión Técnica sobre a Industria Electrointensiva Galega, o debate das súas conclusións en sede parlamentaria e o prazo para a finalización do proceso  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019*
- 1.2            44243 (10/POC-007084)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis  
Sobre a valoración do traballo realizado nos vinte e cinco anos do Instituto Galego de Promoción Económica, dos principais programas que reforzaron o tecido empresarial galego, dos mecanismos de transparencia e de control aplicados na xestión dos apoios ás empresas e das novidades para este exercicio económico  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019*
- 1.3            44576 (10/POC-007126)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Casal Vidal, Francisco  
Sobre as razóns da demora na publicación das subvencións concedidas para estender redes de banda larga ultrarrápida en entidades singulares de poboación para o período 2018-2020, así como os datos e as previsións ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019*
- 1.4            44719 (10/POC-007158)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín  
Sobre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para apoiar o pequeno comercio diante dos novos retos derivados dos cambios nos hábitos de consumo, así como as que vai adoptar para paliar e reverter o continuo peche de establecementos no sector  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019*

- 1.5      45370 (10/POC-007258)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa Ferroatlántica e coa situación dos seus centros de Sabón e de Cee-Dumbria  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 1.6      46015 (10/POC-007342)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia en relación coa problemática xerada polas débedas do sector naval coas pequenas empresas auxiliares  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019*
- 1.7      46256 (10/POC-007374)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre os datos referidos ao expediente de tramitación do proxecto do parque eólico de Oleirón, nos concellos de Rois e Brión, na provincia da Coruña (Expediente IN661A 2010/12), e as previsións existentes respecto da súa execución

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019

Cristina Isabel Romero Fernández  
Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

## Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 07.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 07.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 43119(10/POC-006809)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a posición da Xunta de Galicia respecto da incorporación da representación social das empresas electrointensivas e expertos na regulación do sistema eléctrico á Comisión Técnica sobre a Industria Electointensiva Galega, o debate das súas conclusións en sede parlamentaria e o prazo para a finalización do proceso

*Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/01/2019 10:33:52  
**Nº Rexistro: 43119**  
Data envío: 11/01/2019 10:33:52,278



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal**, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 6.<sup>a</sup>, relativa ás medidas propostas na Comisión Técnica entre a Xunta de Galicia e a industria electrointensiva galega.

Vimos de recibir por parte do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria as primeiras propostas da Comisión técnica sobre a Industria Electrointensiva galega. Agradecemos e valoramos o traslado desta información dun proceso imprescindible para a subsistencia desta industria en Galicia.

Unha primeira lectura das propostas ten para nos unha impresión positiva, pero consideramos que debería de ir moito máis alá para dar estabilidade e seguridade de custos para estas empresas e, por outro lado, garantir un servizo de Interrumpibilidade máis eficaz e flexible, xa que cada vez terá máis importancia segundo se incorpore un maior volume de potencia renovable.

Por elo plantexamos estas preguntas ao Goberno para a partir das súas respostas poder desenvolver unhas propostas concretas para mellorar o funcionamento da Comisión técnica no camiño de concretar da mellor maneira o Estatuto das empresas electrointensivas.

Valoramos moi positivamente que por fin despois de que En Marea o leve proponendo máis de dous anos se propoña a categorización dos consumidores electrointensivos segundo marca o punto I do Informe, pero consideramos que sería máis axeitado que se fixera segundo a relación entre Mwh consumidos e os





custos totais de explotación e non do VEB.

Valoramos tamén positivamente as propostas do punto II do informe, pero consideramos que empresas como ALCOA poderían ter problemas para cumprir o punto II 1º no que respecta a que o 55% do consumo total anual sexa en período 6. Consideramos que antes de pechar a proposta habería que ter as opinións desta empresa e da súa representación laboral.

Por outra parte consideramos que habería moitos outros asuntos a considerar moi importantes como:

- Modificar, simplificar e flexibilizar os procesos de adxudicación de potencia interruptible e que os mesmos se desenvolvan de maneira telemática.
- Flexibilizar as condicións de execución da redución da demanda de forma que sexa efectivamente un sistema de xestión da demanda ademais de cubrir situacións de emerxencia.
- A adxudicación do servizo se debería poder realizar con carácter anual, mensual ou semanal.
- Propoñer mecanismos para que os adxudicatarios de potencia interruptible poidan recomprar as súas obrigas de redución da demanda.
- Propoñer que a retribución máxima, e os volumes de potencia interruptible se garantan por un período de tres anos.
- Ademais do contemplado no punto II 4º da proposta da Comisión técnica, sobre compensación polos custos indirectos de CO2, establecer, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, unha liña de axudas directas á industria, de carácter trienal, ao amparo das Directrices, 2014/C 200/101 de 28 de xuño de 2014, da Comisión Europea sobre axudas estatais en materia de protección do medio ambiente e enerxía 2014-2020. Axudas concedidas co fin de reducir a carga que representa o financiamento do apoio á enerxía procedente de fontes







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/01/2019 10:33:52**  
**Nº Rexistro: 43119**  
Data envío: 11/01/2019 10:33:52,278



renovables e a colaboración no proceso de transición enerxética, condicionadas ao cumprimento dos supostos que queden fixados no regulamento posterior.

Todo o exposto evidencia que sería necesario ampliar e mellorar a composición da Comisión Técnica para que non só sexan tidos en conta os puntos de vista das empresas, se non os da súa parte social e de expertos na regulación do sistema eléctrico. Isto podería garantir un sistema máis perfeccionado e cun horizonte temporal a longo prazo.

Por todo o exposto, En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta en Comisión:

- 1.- Para dar cumprimento ao aprobado por unanimidade neste Parlamento, está a Xunta de Galicia disposta a incorporar a representación social das empresas electointensivas á Comisión Técnica?
- 2.- Considera a Xunta de Galicia imprescindible a incorporación á Comisión Técnica de expertos na regulación do sistema eléctrico?
- 3.- Dada a importancia das conclusións desta Comisión Técnica e a súa repercusión no mantemento de miles de postos de traballo industriais en Galicia, acepta a Xunta de Galicia o seu traslado a este Parlamento para ser debatido na Comisión 6ª?





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/01/2019 10:33:52**  
**Nº Rexistro: 43119**  
Data envío: 11/01/2019 10:33:52,278



4.- Dada a urxencia de ter un ditame, que datas contempla a Xunta de Galicia para ter todo o proceso pechado e dar o seu traslado ao Ministerio de Transición Enerxética?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 11/01/2019 10:31:17**

**CSV REXISTRO**  
**Vídeo**  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 07.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 44243(10/POC-007084)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre a valoración do traballo realizado nos vinte e cinco anos do Instituto Galego de Promoción Económica, dos principais programas que reforzaron o tecido empresarial galego, dos mecanismos de transparencia e de control aplicados na xestión dos apoios ás empresas e das novidades para este exercicio económico

*Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2019 10:26:45  
**Nº Rexistro: 44243**  
Data envío: 22/01/2019 10:26:45.467

## A Mesa do Parlamento

**Sandra Vázquez Domínguez, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e Miguel Tellado Filgueira** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O pasado decembro coñecemos o balance publicado polo Instituto Galego de Promoción Económica, Igape con motivo do seu 25 aniversario, un cuarto de século de historia no que axudou a máis de 81.000 empresas galegas, que mobilizaron en total investimentos de preto de 14.000 millóns de euros. Os apoios achegados foron a través de tres vías: máis de 1.800 millóns en axudas, 6.400 millóns en préstamos incentivables e 907 millóns de euros en avais.

Estes datos permiten verificar que o Instituto Galego de Promoción Económica desenvolve un papel fundamental á hora de facilitar ás empresas galegas o acceso ao financiamento como panca para mellorar a súa capacidade produtiva ou a súa competitividade e presenza nos mercados internacionais.

Un importante apoio que se desenvolve aplicando os criterios de transparencia e de bo goberno aplicables en cada momento, así como os exhaustivos controis que vinculan a actuación do sector público.

Polo exposto, os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas en Comisión:

1. Cales son os programas do Igape que teñen tido unha especial contribución no reforzamento e crecemento do tecido empresarial galego?
2. Que conclusións poden adoptarse do traballo realizado nestes 25 anos de historia?
3. Cales son os mecanismos de transparencia e control aplicados polo Igape na xestión dos apoios que pon a disposición do tecido empresarial galego?
4. Cales son as novidades previstas para o presente exercicio económico?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2019 10:26:45  
**Nº Rexistro: 44243**  
Data envío: 22/01/2019 10:26:45.467

**Asinado dixitalmente por:**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 22/01/2019 10:20:22**

**Maria Antón Vilasánchez na data 22/01/2019 10:20:32**

**Moisés Blanco Paradelo na data 22/01/2019 10:20:39**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2019 10:20:44**

**Marta Novoa Iglesias na data 22/01/2019 10:20:52**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/01/2019 10:21:00**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/01/2019 10:21:16**



CSV REXISTRO-2005/PLS-6  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 07.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3      44576(10/POC-007126)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as razóns da demora na publicación das subvencións concedidas para estender redes de banda larga ultrarrápida en entidades singulares de poboación para o período 2018-2020, así como os datos e as previsións ao respecto

*Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 44576**  
Data envío: 24/01/2019 15:44:29.407



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal**, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.<sup>a</sup>**, relativa a extensión de redes de banda larga ultrarrápida en entidades singulares de poboación

O 15 de xaneiro de 2018 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, do 11 de xaneiro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a extensión de redes de banda larga ultrarrápida en entidades singulares de poboación, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e procedese á súa convocatoria para o período 2018-2020 (procedemento administrativo PR605A).

Así mesmo, o 15 de xaneiro de 2018 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o extracto da dita convocatoria, co identificador 381199 da Base de datos nacional de subvencións, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ao abeiro da dita convocatoria, con data do 22 de marzo de 2018, o Consello da Xunta de Galicia acordou autorizar a concesión dunha subvención a Telefónica de España, S.A.U., con NIF A82018474, por unha contía de 14.200.000 euros.

CSM-REXISTRO-ALY02xosm-0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramas/csv/>





O 23 de marzo de 2018, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ditou resolución de concesión e denegación de subvencións nos termos autorizados polo Consello da Xunta de Galicia, con indicación de que se notificase aos interesados.

Segundo o establecido nos artigos 17.3 das bases reguladoras aprobadas por Resolución do 11 de xaneiro de 2018 e 20.8.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as subvencións concedidas serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* e tamén remitidas á Base de datos nacional de subvencións.

No canto está concesión non foi publicada até 10 meses despois, en concreto até o 23 de xaneiro de 2019.

As cantidades concedidas foron as seguintes:

- Ano 2018: 2.683.739,20 €.
- Ano 2019: 7.677.507,20 €.
- Ano 2020: 3.838.753,60 €.

Ante todo o exposto, **En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:**

- 1.- Cal é o motivo deste retraso de 10 meses na publicación da concesión da subvención?
- 2.- Executouse o orzamento previsto en 2018? En que zonas concretas?
- 3.- Existe un Plan de actuación que xustifique as decisións sobre as zonas onde actuar e a súa implicación socioeconómica?







PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 44576**  
Data envío: 24/01/2019 15:44:29.407



4.- Cales son as zonas onde se vai actuar en 2019 e 2020?

5.- Tendo en conta que estas actuacións constan de financiamento público, isto reverterá nunhas mellores tarifas tanto de conexión como de servizo para os posibles abonados nas zonas afectadas?

6.- Cal é a porcentaxe de subvención pública sobre o total de orzamento das actuacións?

7.- Unha vez rematadas as actuacións previstas, a AMTEGA fai algún tipo de auditoría ou control para garantir que o servizo nas zonas afectadas pola actuación subvencionada cumpre cos estándares de banda larga ultrarrápida?

8.- En caso afirmativo, cales son as conclusións destas auditorías?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

CSX6 REXISTRO-Aly02xsm-0  
Visto  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 44576**  
Data envío: 24/01/2019 15:44:29.407



GRUPO PARLAMENTAR

**Francisco Casal Vidal na data 24/01/2019 15:43:51**

CSV REXISTRO-Ay02xsm-0  
Votado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 07.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 44719(10/POC-007158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para apoiar o pequeno comercio diante dos novos retos derivados dos cambios nos hábitos de consumo, así como as que vai adoptar para paliar e reverter o continuo peche de establecementos no sector

*Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/01/2019 13:46:56  
Nº Rexistro: 44719  
Data envío: 28/01/2019 13:46:56,570

## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O pequeno comercio, máis alá da súa influencia no traballo, ten un carácter social e é importantísimo para o tecido social e produtivo das cidades e barrios. Non obstante, os novos hábitos de consumo (compra *online* e en grandes superficies comerciais) da xente están abocando ao peche de moitos dos comercios tradicionais e pequenos situados na nosa contorna.

O rexistro de baixas de autónomos da Seguridade Social cifra en máis de 1.000 os establecementos que botaron o peche en Galicia nos primeiros nove meses do ano, (último dato dispoñible), comparando os datos de primeiros do ano cos do 31 de outubro de 2018. Ademais, se nos centramos unicamente no mes de outubro vemos que aproximadamente uns 10 establecementos de media ao día pecharon.

Por outro lado, vemos que o problema é máis, como xa comentamos, é máis profundo. Os cambios nos hábitos de consumo afectan directamente ao pequeno comercio xa que, a xente está a comprar máis ca nunca, pero faino sen saír á rúa. Segundo o informe de Comercio Electrónico, elaborado pola CNMC, no primeiro trimestre do 2018 en comparación co mesmo trimestre do ano anterior, o comercio electrónico en España aumentou case un 33 %.

Este contexto fai que a situación sexa moi complicada, tanto para os negocios de sempre como para os novos, xa que tanto a posta en marcha como a competencia fan que sexa moi difícil facerse cun espazo propio.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Ten a Xunta de Galicia algunha medida en marcha para apoiar o pequeno comercio ante os novos retos, de ser afirmativa a resposta, cales?
- 2ª) Que medidas pensa poñer en marcha o Goberno galego para paliar e reverter o continuo peche de pequenos comercios?
- 3ª) Que está a facer a Xunta de Galicia en relación co apoio e impulso do comercio electrónico en Galicia e cales son os resultados?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSX: REXISTRO-Ry9Ccey3-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/01/2019 13:46:56**  
**Nº Rexistro: 44719**  
Data envío: 28/01/2019 13:46:56.570

4ª) Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a situación antes descrita na que se atopan os pequenos comerciantes?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/01/2019 12:57:57**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/01/2019 12:58:17**



CSV REXISTRO-Rp9Ccey3-7  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 07.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 45370(10/POC-007258)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa Ferroatlántica e coa situación dos seus centros de Sabón e de Cee-Dumbria

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2019 13:16:53**  
**Nº Rexistro: 45370**  
Data envío: 05/02/2019 13:16:53.212

### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a situación de Ferroatlántica.

Nas últimas semanas de decembro do 2018 coñecéronse diferentes ameazas de Ferroatlántica aos seus centros produtivos en Galiza que culminaron na parada de dous fornos no centro de Cee-Dumbría.

Décadas de falta de planificación industrial por parte da Xunta de Galiza e do goberno central derivaron nun escenario de inestabilidade do sector electrointensivo agravada pola escalada do prezo da electricidade e pola permisividade coa falta de modernización das empresas, como demostra a situación de Ferroatlántica e a doutras empresas electrointensivas como Alcoa.

Cómpre recordar que Ferroatlántica explota as centrais hidroeléctricas do río Xallas a cambio do mantemento da produción industrial e dos postos de traballo na Costa da Morte. Esta empresa ten recibido grandes beneficios por esta condición, poré, ten aplicado un modelo de explotación absolutamente neocolonial no que esquilma os nosos recursos ao tempo que non desenvolve investimentos na modernización da empresa e incumpre sistematicamente os compromisos de mantemento e aumento do emprego.

CSA-REXISTRO-mwPgEAKG-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2019 13:16:53**  
**Nº Rexistro: 45370**  
Data envío: 05/02/2019 13:16:53.212

No ano 2017, o grupo de Villar Mir pretendeu levar a cabo unha operación de especulación intentando vender as centrais do río Xallas, impedida pola forza colectiva dos e das traballadoras e do pobo galego.

O pasado 4 de febreiro de 2019 a empresa de Villar Mir comunicou un ERE temporal do 1 de marzo de 2019 ata o 28 de febreiro de 2021. Unha decisión inxustificada que agocha o intento de desviar a produción a outras empresas do grupo para así poder xustificar con base á redución da produción calquera expediente de regulación de emprego, posto que cos beneficios que xera a produción enerxética do Xallas é imposíbel xustificar tal decisión.

Cómpre unha resposta diante dunha situación inxustificada e excepcional para evitar que o modelo de industria colonial do señor Villar Mir supoña novas perdas en materia de emprego e tecido industrial.

Por todas estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Como valora o goberno galego o ERE presentado por Ferroatlántica? Considérao xustificado? Vai facer algunha actuación ou negociación para impedilo?

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impedir a perda de postos de traballo de Ferroatlántica en Galiza?

Cóñece o goberno galego a situación do centro de Sabón? Cal é a súa valoración? Que medidas vai tomar?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2019 13:16:53**  
**Nº Rexistro: 45370**  
Data envío: 05/02/2019 13:16:53.212

Coñece o goberno galego a situación da empresa en Cee-Dumbría? Cal é a súa valoración? Que medidas vai tomar?

Como valora a Xunta de Galiza, de forma concreta, a paralización de dous fornos en Cee-Dumbría? Considera que hai motivos obxectivos?

Tense reunido a Xunta de Galiza cos representantes das e dos traballadores destes centros? Con que resultado?

E coa dirección destes centros? Con que resultado?

Considera a Xunta de Galiza que Ferroatlántica está a cumprir coas condicións de cesión e explotación das centrais hidroeléctricas do Xallas?

Que seguimento fai a Xunta de Galiza do grao de cumprimento?

Ten avaliado a posibilidade de revertela? Por que razóns?

Santiago de Compostela, 5 febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

CSV REXISTRO-mwPgEAKG-9  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 05/02/2019 13:16:53

Nº Rexistro: 45370

Data envío: 05/02/2019 13:16:53.212

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2019 13:14:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2019 13:14:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/02/2019 13:14:44**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/02/2019 13:14:46**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2019 13:14:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/02/2019 13:14:52**



CSV REXISTRO-mwPgEAKG-9

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 07.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 46015(10/POC-007342)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia en relación coa problemática xerada polas débedas do sector naval coas pequenas empresas auxiliares

*Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2019 09:39:52  
**Nº Rexistro: 46015**  
Data envío: 12/02/2019 09:39:52,705

## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O modelo industrial anunciado como de éxito pola Xunta de Galicia, presenta sen ningunha dúbida, luces e sombras. Unha das maiores sombras, ademais das condicións laborais, é o habitual recurso a contratas e subcontratas, especialmente en traballos de certa envergadura.


No caso do sector naval civil, na área da ría de Vigo, véñse arrastrando dende fai tempo un longo e grave conflito. Que afecta gravemente a traballadores e a pequenos empresarios. Cando menos 12 empresas auxiliares do sector naval en Galicia téñense visto afectadas gravemente polos impagos das principais empresas do sector. Estamos a falar de case 5,5 millóns de euros e un total de 542 traballadores e traballadoras na rúa.

Esta situación provocou que neste momento moitos deses pequenos empresarios teñan as súas propiedades embargadas e sen posibilidade algunha de poder retomar a actividade empresarial coas débedas acumuladas coas diferentes administracións.

Sabendo que estamos ante un conflito de carácter mercantil, pensamos que a Xunta de Galicia debería mostrar unha mínima sensibilidade cos problemas destes traballadores e pequenos empresarios.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia da problemática das débedas do sector naval con unha serie de pequenas empresas auxiliares?
2. Ten mantido a Xunta de Galicia algunha xuntanza con estes afectados?
3. Ten pensando a Xunta de Galicia establecer algún canle de axuda para estes traballadores e pequenos empresarios?



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2019 09:39:52**  
**Nº Rexistro: 46015**  
Data envío: 12/02/2019 09:39:52.705

4. Considera a Xunta de Galicia razoable que algunhas destas empresas morosas teñan recibido subvencións públicas?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
José Manuel Pérez Seco  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2019 09:30:57**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/02/2019 09:31:11**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 07.03.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.7      46256(10/POC-007374)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os datos referidos ao expediente de tramitación do proxecto do parque eólico de Oleirón, nos concellos de Rois e Brión, na provincia da Coruña (Expediente IN661A 2010/12), e as previsións existentes respecto da súa execución



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/02/2019 16:42:47  
**Nº Rexistro: 46256**  
Data envío: 13/02/2019 16:42:47.959

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O 15 de xuño de 2012 publicábase no DOG núm. 114, a RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2012, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se sometía a información pública a solicitude de autorización administrativa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a aprobación do proxecto de execución, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do estudo de impacto ambiental referidos ao proxecto do parque eólico de Oleirón, nos concellos de Rois e Brión, provincia da Coruña (expediente IN661A 2010/12).

O DOG núm. 89 do 11 de maio de 2016 publicaba o anuncio da resolución pola que se daba publicidade á declaración de impacto ambiental e, posteriormente (BOP do 7 de xuño de 2016), facíase público o acordo polo que se autorizaban as instalacións, se aprobaba o proxecto de execución e se declaraba a utilidade pública do proxecto.

Contra estes acordos e no prazo regulamentario foi presentado recurso de reposición por parte de persoas afectadas, tanto no relativo á declaración ambiental como á declaración de utilidade pública, sen que até este momento tiveran resposta.

CS14-REXISTRO-mthW2Yrx4-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2019 16:42:47**  
**Nº Rexistro: 46256**  
Data envío: 13/02/2019 16:42:47.959

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Foi aceptado o recurso de reposición presentado en tempo e forma contra as resolucións relativas ao parque eólico do Oleirón (expediente IN661A 2010/12)?

-Cal é o estado actual de tramitación do expediente?

-Cales son as previsións a respecto da execución do proxecto?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 16:42:24**

CSV REXISTRO-mthv2Yrx4-2  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2019 16:42:47**  
**Nº Rexistro: 46256**  
Data envío: 13/02/2019 16:42:47.959

**María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 16:42:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 16:42:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 16:42:31**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 16:42:32**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 16:42:34**



CSV REXISTRO-mthW2Yrx4-2

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>